

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 2 de marzo de 2015, adoptouse o seguinte acordo:

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DUN MURAL ARTÍSTICO NO CENTRO CÍVICO DE CANIDO, POLO ARTISTA EDUARDO HERMIDA DOPICO (PN 03004 14/61) Á DON EDUARDO HERMIDA DOPICO E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mesa de Contratación, que textualmente di:

"A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 26/01/2015, aprobou o expediente de contratación administrativa correspondente á **Contratación da execución dun mural artístico no Centro Cívico de Canido polo artista Eduardo Hermida Dopico" (PN 03004 14/61;** o prego de cláusulas administrativas particulares; as condicións técnicas; a convocatoria da licitación mediante procedemento negociado sen publicidade cun único criterio de valoración e trámite ordinario; a aprobación do gasto por un importe de 35.816,00 € co 21% do IVE incluído (29.600,00 € sen IVE) e a súa imputación á partida orzamentaria 03004-1512-60900 e a invitación para presentar oferta, dada a especificidade do contrato e a súa singularidade artística, a don Eduardo Hermida Dopico por ser o artista organizador e artífice das Meninas de Canido así como por ter realizado outras intervencións artísticas similares.

Remitida a invitación aprobada e segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral do Concello ós efectos; dentro do prazo concedido don Eduardo Hermida Dopico presentou a súa proposición.

O día 11/02/2015 publicáronse os datos desta licitación no Perfil de Contratante do Concello de Ferrol.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 13/02/2015 procedeu á revisión da documentación administrativa presentada polo licitador no sobre A) "Documentación", declarando inicialmente admitida a esta licitación a única oferta presentada; de seguido na mesma sesión procedeuse, en acto público, á apertura do sobre B) "Oferta económica" do licitador inicialmente admitido, resultando o seguinte:

PLICA ÚNICA: DON EDUARDO HERMIDA DOPICO que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 29.600 €.

A sesión de data 13/02/2015 remata coa proposta de adxudicación que se formula co voto favorable de todos os vocais asistentes e condicionada á incorporación ao expediente de informe favorable e tendo en conta o tipo de licitación e a oferta presentada, do seguinte xeito:



Adxudicar a Contratación da execución dun mural artístico no Centro Cívico de Canido, polo artista Eduardo Hermida Dopico (PN 03004 14/61) á DON EDUARDO HERMIDA DOPICO.

A adxudicación queda condicionada a emisión de informe favorable ao respecto e se efectuará de acordo coa oferta presentada e o prego que rexe esta contratación; de igual xeito queda condicionada a que o licitador proposto presente a documentación establecida no prego tralo correspondente requirimento. Procedéndose, tal e como establece a cláusula 21, no caso contrario.

Con data do 13/02/2015, incorporase ao expediente informe técnico favorable emitido na mesma data polo arquitecto municipal.

Efectuado o requirimento para a presentación de documentación a DON EDUARDO HERMIDA DOPICO este presentou en prazo toda a documentación.

Revisada dita documentación considerouse que cumpre o esixido na cláusula 21 do prego.

Polo exposto, a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

-Primeiro: ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, a **Contratación da execución dun mural artístico no Centro Cívico de Canido, polo artista Eduardo Hermida Dopico (PN 03004 14/61) á DON EDUARDO HERMIDA DOPICO** (DNI nº 32.643.136-H) por un importe de de 29.600 euros (importe sen IVE).

Todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato, ó proxecto das obras e consonte a súa oferta.

-Segundo: FORMALIZAR o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos, de conformidade co establecido na cláusula 22 do prego.

-Terceiro: DESIGNAR, de acordo co establecido na cláusula 27 do prego, RESPONSABLE DO CONTRATO correspondente a don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal do Concello de Ferrol".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente. Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 4 de marzo de 2015.

O SECRETARIO XERAL.-

